

# INCLUSIÓN E SERVIZOS DE ORIENTACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Francisco Insua Meirás  
Universidade de Vigo  
Facultade de Ciencias da Educación. Ourense  
Departamento Orientación IES Coruxo (Vigo)

## RESUMO

Neste artigo, faise un breve repaso de algúns aspectos e normas que ilustran a evolución na atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, destacando as contribucións do sistema de orientación e intervención psicopedagóxica nesa evolución. Considérase neste enfoque que foron os integrantes dos equipos, xunto co profesorado de apoio, quen xogou un papel máis activo na defensa da escolarización de forma integrada nos centros educativos ordinarios.

## ABSTRACT

In this article we will review briefly some aspects that will show the evolution of the education of the students with especial educational necessities, emphasizing the contributions of the educational psychology on that evolution. On this subject, we believe that the members of the equipments, along with the support teachers, played the active parts for the integration on the ordinary teaching institutions.

DESCRITORES: educación especial, integración, inclusión, orientación.

Existiron actuacións desde séculos atrás dirixidas a mellorar a situación educativa das persoas con necesidades especiais e tamén, aínda que máis recentemente, para realizar un labor de orientación, incluíndo o relacionado cos programas educativos. Pero é a partir de 1945 cando van comezar a converxer dous tipos de modalidades de atención aos nenos con necesidades educativas especiais, unha directamente dirixida a estes nenos (a denominada educación especial) e outra, que incluíría dentro das súas funcións intervencións psicopedagóxicas con este alumnado ( os servizos de orientación).

Poderíamos situar no marco de España un punto no que comezan a darse as condicións para o desenvolvemento dos dous sistemas comentados. Así, sería a partir da Lei de Ensinanza Primaria (1945) cando se crean escolas públicas e privadas para a educación de nenos con discapacidades asociadas a problemas de tipo sensorial, intelectual, físico, motórico etc. Nesta época, comeza realmente a implantación dun sistema paralelo ao ensino ordinario que vai dar lugar á existencia de grandes centros con múltiples servizos para atender de forma específica a nenos e xoves con discapacidades. Un sistema paralelo-dual en centros específicos e con profesionais diferenciados (TORRES GONZÁLEZ, 2001). Nesa mesma lei, observamos un principio de conexión coa intervención psicopedagóxica, xa que no artigo 69 se establece a necesidade dun servizo de Psicología Escolar e Orientación Profesional

Non obstante, é a partir da Lei Xeral de Educación do ano 1970 cando van crearse as condicións para a escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais nos centros educativos ordinarios e, en estreita relación con esta escolarización, tamén vai abrirse a oportunidade para a creación de servizos de orientación e intervención psicopedagóxica. No art.49, fálase do tratamento educativo para incorporalos á vida social e no art. 51, da “creación de unidades de E.E. en centros ordinarios para deficientes leves”. Esta dotación de aulas de E.E. nos centros, unida á existencia de centros específicos de educación especial, vai propiciando o nacemento e o desenvolvemento de servizos de apoio como o SOEV (Servicio de Orientación Escolar e Profesional) e os Equipos Multiprofesionais, todo eso na década dos 70.

A finais do ano 1982 e comezos de 1983 vai principiando a súa aplicación a Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI-1982-). É o primeiro cambio de envergadura que ademais está adaptado ás esixencias da Constitución (Título I, Artigo 49). A partir desta Lei e dos Reais Decretos e Ordes que a van matizando e ampliando, preséntase un enfoque que aborda a atención ás persoas con discapacidades de forma global e substentada nos principios de normalización, integración, individualización e sectorización. Entre estas normas, a primeira que desenvolve esta Lei a nivel estatal sería o RD 2639/1982 de 15 de outubro, polo que se regula a atención escolar de alumnos con necesidades educativas especiais atendendo a catro niveis de maior a menor integración na escola ordinaria: *integración completa, integración combinada,*

*integración parcial e escolarización en centros específicos.* Foi a primeira disposición a que deu certas garantías á matriculación de nenos con discapacidades en centros ordinarios. Nese proceso de escolarización, foron os integrantes dos equipos de orientación psicopedagóxica os responsables da selección dos alumnos para cada unha das modalidades de integración. Estes equipos, ademais de potenciar a escolarización en réxime de integración de todos os alumnos que encaixaran nalgún destes niveis, contribuíron a que esta escolarización se afianzara e se estendera. Nin que dicir ten, que ao comezo houbo algúns casos de resistencia nos centros ordinarios a ese tipo de escolarización e foron os profesionais destes servizos os que tiveron unha intervención máis decidida en defensa da integración a pesar de encontrarse, en moitas ocasións, cunha importante falta de criterios para dirixir a escolarización a cada un dos niveis propostos pola administración.

Posteriormente, o RD 334/1985 foi unha boa proba do interese que se puxo desde o MEC para realizar un proxecto de integración de carácter global e que tiña como un dos puntos de referencia, ademais do profesorado e as familias, aos membros dos equipos de apoio. A actuación destes equipos foi considerada fundamental cara á integración dos nenos con necesidades educativas especiais, e así se puxo de manifesto como un recurso que tería que empregarse de forma prioritaria nos Centros de Integración.

A partir de 1985, co pulo dado á integración escolar en todo o Estado, estes equipos van ter unha actuación máis ampla no ámbito das necesidades educativas especiais, xa que ademais do asesoramento ao profesorado e ás familias, tamén se producen intervencións dirixidas á toma de decisións sobre escolarización, sobre a modalidade de apoio, etc. Neste mesmo ano, en Galicia, unha Orde do 3-9-1985 da Consellería de Educación crea os Equipos Psicopedagóxicos de Apoio, unificando os existentes ata ese momento: Servizo de Orientación Escolar e Vocacional (SOEV) e Equipos Multiprofesionais.

No ano 1990, promúlgase a LOXSE (Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, 1/1990 de 3 de outubro) que no referido ao ámbito das necesidades educativas especiais inspírase nos principios emanados da LISMI e o marco conceptual e os resultados prácticos do chamado “Decreto de Integración” (334/1985). Nesta Lei,

ponse de manifesto o interese da administración educativa no que concerne á atención temperá; a flexibilización curricular; incremento dos profesionais de apoio, formación do profesorado, etc.

Unha das consecuencias da LOXSE é, ademais do incremento dos profesionais de apoio, a necesidade de adaptar o currículo para os alumnos con discapacidades. Os membros dos equipos psicopedagóxicos eran os encargados de facer a avaliación psicopedagóxica dos posibles suxeitos da adaptación. E, unha vez máis, constatouse que estes equipos viñan a ser un elemento da maior importancia en canto ao asesoramento do profesorado en todo o relativo á elaboración e implementación das adaptacións do currículo. Sen esquecer o valiosísimo labor do profesorado de apoio, ás veces auténticos heroes, na defensa dos procesos de integración.

En Galicia, pola Orde do 6-10-95 (DOG 7-11-95) van regulamentarse as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. E a continuación o Decreto 320/96 do 26 de xullo, de ordenación da educación do alumnado con necesidades educativas especiais e a Orde do 31 de outubro de 1996 que regula a avaliación psicopedagóxica e se establecen os criterios para a realización do dictame de escolarización deste alumnado. Tanto unha disposición coma a outra, (polo papel outorgado e pola actuación nas variadas situacións da práctica cotiá) poñen nun primeiro plano aos Equipos Psicopedagóxicos como un elemento decisivo en calquera proceso de integración e de adaptación do currículo. É necesario que os alumnos sexan avaliados, porque diso vai depender o tipo de resposta educativa e os recursos e apoios necesarios (MARCHESI, 1999).

No ano 2003, en Galicia, publícase a Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización deste alumnado. Esta orde desenvolve o Decreto 320/96, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, adaptando este - xunto coa Orde de 31 de outubro de 1996 que regula a avaliación psicopedagóxica- á nova situación derivada dos cambios no modelo de Orientación da Xunta de Galicia, explicitados no Decreto 120/98 do 23 de abril que regula a Orientación Educativa e Profesional e na Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve. Loxicamente ao desaparecer os Equipos Psicopedagóxicos de Apoio, as súas funcións teñen que ser asumidas polos

Departamentos de Orientación dos centros escolares e polos Equipos Específicos de ámbito provincial. Tamén a eles vai corresponderlles na práctica, a dinamización dos procesos de inclusión.

Así, os Departamentos de Orientación van constituírse como órganos de coordinación que teñen tarefas como as de colaborar na planificación e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade, potenciando procesos de individualización da ensinanza e procurando ofrecer respostas de atención educativa segundo as necesidades educativas do alumnado (INSUA, 1997). Aquí inclúense actuacións de apoio aos procesos de ensinanza-aprendizaxe, asesoramento e colaboración no plano de acción tutorial así como no plano de orientación académica e profesional. Unhas funcións circunscritas exclusivamente ao Centro ao que pertencen, cunha gran amplitude de tarefas e sen practicamente ningunha axuda de carácter externo que enfoque os problemas e as súas solucións dunha forma algo máis distanciada. E, sobre todo, que incida máis nos procesos de integración, na súa continuidade, nas adaptacións do currículo, na coordinación de zona ou sector.

De acordo con LORENZO DELGADO (1993), que segue o modelo dos sistemas de BRONFEMBRENNER, o centro escolar sería un ecosistema humano, concretamente algo similar a un mesosistema que interrelaciona diferentes microsistemas (escenarios como a clase, o patio de recreo, as actividades deportivas, etc.) nos que o neno participa, pero que, asemade, estaría condicionado por exosistemas (como a familia) e macrosistemas (como o sistema escolar, coas súas normas, o seu currículo, etc.). A escola sería un estrato dun sistema anelado de ecosistemas. De aí o interese de poder contar co maior número de estruturas para poder dar resposta ás variadas situacións que se presentan dentro deste sistema e ás múltiples variables que nel se manexan.

Tendo en conta as experiencias en Galicia, anteriores ao ano 1998, e as que se dan actualmente no resto do Estado, este labor desde os Departamentos de Orientación tería que ser complementado pola actuación de equipos externos aos centros, seguindo a estrutura máis aceptada para o sistema de orientación. Neste sentido, non pode considerarse que a forma máis idónea para poñer en práctica o terceiro nivel de orientación sexa a do equipo de carácter provincial, tanto pola súa organización e

funcións como pola amplitude xeográfica. Polo tanto, xa que non existe un equipo sectorial para complementar a actuación do orientador de Centro, é no chamado segundo nivel (departamentos de orientación), xunto coas actuacións do profesorado de apoio, onde descansa a inclusión educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, pero dunha forma pouco coordinada e planificada.

## CONCLUSIONES

A evolución na calidade da atención ás persoas con necesidades especiais débelle moito ao labor das asociacións relacionadas co ámbito das discapacidades. Estas asociacións, tanto en España como en Galicia, foron sempre un elemento dinamizador de cara ao logro de maiores cotas de accesibilidade a todos os niveis, tanto na educación como na comunicación, no urbanismo etc.

Pero a operativización de moitos dos cambios no marco escolar débelle tamén moito aos equipos psicopedagóxicos, e xusto é que se lles recoñeza a súa aportación xa que, en primeira instancia, eran os membros destes equipos quen no exercicio das súas funcións defendían o cumprimento da lei, que ofrecía a posibilidade de que moitos dos nenos con necesidades educativas especiais foran escolarizados nos centros ordinarios. Os equipos psicopedagóxicos impulsaron sempre esa escolarización integrada, defendérona, asesoraron ao profesorado e ás familias e supervisaron os procesos de adaptación nos centros. Isto fixo posible que un gran número de alumnos, desde a escola infantil ata a educación secundaria, foran beneficiándose da posibilidade de recibir educación nos centros onde estuda a maioría.

Actualmente, continúa ese proceso global de integración nos centros escolares, a presenza de orientadores neses centros permite que exista un control máis efectivo dos casos de alumnado con necesidades especiais escolarizado neles. Non existe intervención externa, agás para a realización dunha valoración psicopedagóxica puntual. Probablemente, un dos puntos febles neste proceso de inclusión, sexa a inexistencia dun órgano de carácter externo (como eran os Equipos Psicopedagóxicos) que saque un maior froito á intervención interna dos Departamentos de Orientación. Saber cómo se realiza a inclusión nunha zona determinada, qué características presentan os centros

onde máis éxito está tendo ese proceso, qué tipoloxías en canto ás necesidades especiais nunha cidade ou nunha zona escolar, qué tipos de colaboración reciben uns e outros centros, qué planificación seguen os procesos nun sector concreto, cómo poden beneficiarse uns centros das experiencias de outros centros, con qué servizos se están coordinando os centros, etc. Estas e outras cuestións probablemente teñan unha mellor resposta se funcionan servizos sectoriais, polo tanto de carácter externo, que se ocupen delas; porque se non é así quedarán máis ou menos resoltas en función do voluntarismo dos orientadores para irse entre eles, coordinarse, intercambiar informacións, etc.

## BIBLIOGRAFÍA

ÍNSUA MEIRÁS, FRANCISCO (1997): *A Orientación Escolar en Galicia*. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.

LORENZO DELGADO (1993): “La organización de la escuela como sistema social” en LORENZO DELGADO e SÁENZ BARROS (dirs.): *Organización escolar. Una perspectiva ecológica*. Alcoy. Marfil.

MARCHESI ULLASTRES, A. (1999): *La práctica de las escuelas inclusivas*. Desarrollo Psicológico y Educación .Tomo 3. 45-70. Madrid. Alianza Editorial.

TORRES GONZÁLEZ, J.A. (2001): *La educación especial en el sistema educativo*. *Enciclopedia Psicoedagógica de Necesidades Educativas Especiales*. 155-175. Málaga. Aljibe.